

Juan Viaño, candidato a reitor da USC

“Temos unha estratexia clara para que haxa máis estudantes no Campus de Lugo”

- Consolidar Lugo como campus e como devolverlle un rol preferente na captación de alumnos naquelas titulacións nas que é punteiro é un dos obxectivos de Juan Viaño.
- O “Campus Terra” é unha das vías de recuperación que o candidato a reitor considera esenciais para o campus lugués.

Lugo, 27 de marzo de 2014. Juan Viaño Rey, catedrático de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela afirmou que o aumento de estudantes no Campus de Lugo “é o principal obxectivo que ten que ter o novo reitor. Por suposto é o meu”. Viaño fixo estas declaracións durante o acto de presentación da candidatura celebrada no día de hoxe na Escola Politécnica Superior, na que participaron tamén os membros da candidatura Javier Bueno, director da EPS, e Andrés Barreiro, profesor na facultade de Veterinaria.

As propostas da candidatura de Juan Viaño fundaméntanse nun reforzo claro e nunha modernización activa de todas as accións de publicidade e información relacionadas co campus lugués. “Non podemos permitir que titulacións de referencia morran porque os estudantes non saben que existen”, afirmou durante o acto. Viaño tamén anunciou que “se fará un estudo moi serio da misión e da visión de todos os títulos que se ofertan en Lugo para melloralos, consolidalos e facelos atractivos á sociedade”.

O candidato a reitor da USC mostrou o seu apoio ao proxecto “Campus Terra”, que calificou como unha das mellores posibilidades de futuro do campus lugués. “Sen embargo, compre retomar a filosofía inicial, reaxustar varias propostas que se fixeron na redacción do proxecto e, sobre todo, apostar firmemente pola súa posta en marcha”, asegurou.

Viaño amosouse consciente dos problemas derivados da crise económica, “pero hai cousas estratéxicas polas que temos que apostar necesariamente se non queremos morrer”. O candidato a reitor tamén asegurou que ademais de planificar correctamente as accións do futuro inmediato cómpre revisar os procedementos internos e as cousas “que non se fan como se deberan” dentro da USC. Na súa intervención apostou claramente “pola modernización da USC, especialmente no que se refire á redución da burocracia, ao reforzo das áreas estratexias e á mellora no servizo que prestamos aos estudantes e á sociedade en xeral”.

Juan Viaño

Candidato a reitor da USC

No acto de presentación da súa candidatura, Viaño declarouse moi sorprendido polo elevado número de propostas de mellora do seu programa que chega a través da páxina web oficial, juanviano.com. En pouco máis de dous días recibíronse case 60 propostas de mellora que “serán analizadas tanto polo meu equipo como polos propios promotores”.

Pequena biografía de Juan Viaño

Juan Viaño Rey (Boqueixón, 1955) é catedrático do departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais de licenciado pola universidade compostelá, é diplomado avanzado na universidade Pierre et Marie Curie – Paris VI e doutor tanto pola universidade compostelá como pola propia Pierre et Marie Curie – París VI.

Na actualidade, as súas principais liñas de traballo versan sobre a “modelización matemática e análise numérico de problemas de estruturas finas e de problemas de contacto en elasto-visco-plasticidade” e sobre a “modelización matemática en problemas de biomecánica”, como a formación de osos, implantes dentais e ortodoncia.

Na súa ampla experiencia na xestión universitaria destaca a dirección do departamento de Matemática Aplicada entre os anos 1986 e 1992, a súa etapa como decano da facultade de Matemáticas entre os anos 2001 e 2009 e ser o vicerreitor de Profesorado e Organización académica entre os anos 2009 e 2010. Presidente da Comisión de Posta en Marcha do Instituto Español de Matemáticas (IEMath) e co-promotor da súa sede galega (IEMath-Galicia). Co-promotor do consorcio das 3 universidades galegas Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial.

Ademais, Juan Viaño ten unha ampla experiencia como investigador, recoñecida con cinco sexenios, con máis de 80 artigos publicados en revistas de referencia, a dirección de 20 proxectos de investigación competitivos, seis deles internacionais, e a xestión de máis dunha ducia de contratos con empresas punteiras da economía europea.

Sen embargo, unha das actividades máis importantes para Juan Viaño non momento actual é a coordinación do proxecto Estalmat-Galicia, que logra estimular o talento matemático de máis de vintecinco nenos cada ano con idades comprendidas entre os 12 e os 13 anos. Coa posta en marcha deste proxecto e outras iniciativas baixo o seu mandato como decano, a Facultade de Matemáticas logrou aumentar dun xeito moi importante o número de matriculados e iniciou a senda como un dos centros de formación matemática máis importantes de España.

Máis información: <http://www.juanviano.com>

Twitter: <https://twitter.com/JuanVianoReitor> | @JuanVianoReitor

Flickr: <http://www.flickr.com/photos/120918413@N04/sets>